

EXPEDIENTE	2024069258
ASUNTO	CREACIÓN DO POSTO DE DIRECTOR/A DE TURISMO
TRÁMITE	PROPOSTA DA DEPUTADA DELEGADA DO SERVIZO DE TURISMO

O Servizo de Turismo da Deputación Provincial de Pontevedra ten como obxectivo principal a promoción dos recursos e da infraestrutura turística do destino "Rías Baixas", a través de múltiples accións promocionais, entre as que destacan as seguintes:

- Organización e realización de accións encamiñadas a atraer o turismo.
- Realización de actuacións e xestións que tendan a reforzar e mellorar a comunicación da imaxe de marca do destino "Rías Baixas".
- Edición directa ou en colaboración de información turística.
- Promoción do estudo da vida provincial na orde turística, ben directamente ou a través de distintos organismos especializados, e concreción con eles de accións de promoción e perfeccionamento de cantas profesións relaciónense co turismo, executando as accións precisas.
- Realización e promoción de estudos turísticos.
- Coordinación do labor nestes campos co ministerio competente, a Comunidade Autónoma de Galicia, outras provincias e outras entidades nacionais ou estranxeiras, tendente ao cumprimento das finalidades do servizo.
- En xeral, cuantos asuntos estean relacionados co turismo e sexan de interese para a provincia de Pontevedra (marca-destino "Rías Baixas").

Actualmente o Servizo de Turismo conta cunha Xefatura de Servizo e varios postos de funcionarios encargados da xestión ordinaria das competencias provinciais nesta materia. Sen embargo, a crecente complexidade dos desafíos turísticos, a necesidade dunha planificación estratéxica a medio e longo prazo e a competencia con outros destinos, fan imprescindible a incorporación dun perfil directivo profesional que lidere as políticas turísticas cunha visión global e capacidade de xestión avanzada.

A modernización do sector público esixe a institucionalización da dirección pública profesional para garantir a eficiencia e eficacia na xestión de políticas públicas.

A figura dun directivo profesional na área de Turismo servirá de ponte entre os responsables políticos e os/as funcionarias/as do Servizo asegurando que as decisións estratéxicas teñan unha implementación técnica e eficiente aliñada co interese xeral. Este directivo profesional actuará como xestor do cambio e facilitador da política pública turística, garantindo que as estratexias definidas polos órganos de goberno da Deputación sexan executadas con criterios de eficiencia, impacto e avaliación constante.



A xefatura do Servizo desempeña un papel crucial na xestión administrativa e operativa do Servizo. Sen embargo, a crecente demanda de planificación estratéxica e captación de oportunidades externas xustifica a necesidade dun directivo profesional cunha visión global do sector. O novo posto non substituirá as funcións da Xefatura do Servizo, senón que as potenciará mediante a implementación dunha dirección estratéxica coherente e eficaz, en concordancia con obxectivos doutras áreas de xestión de competencias da Deputación de Pontevedra.

O sector turístico require unha coordinación constante con organismos autonómicos, estatais e internacionais, así como co sector privado. A figura dun Director/a de Turismo garantirá a representación institucional xunto cos deputados e deputadas provinciais e a xestión eficaz deses vínculos.

A creación deste posto contribuirá a mellorar a eficiencia do Servizo de Turismo optimizando a planificación e execución de proxectos e asegurando unha mellor asignación de recursos. Ademais, permitirá reforzar a avaliación do impacto das políticas turísticas mediante a aplicación de novas metodoloxías.

As funcións do Director/a de Turismo e da Xefatura do Servizo de Turismo serán, polo tanto, complementarias e poden resumirse do seguinte modo:

Competencias	Director/a de Turismo	Xefatura de Servizo
Planificación estratéxica	Deseña e implementa estratexias a medio e longo prazo para a mellora dos servizos públicos e a consecución de obxectivos de política pública.	Executa as estratexias definidas, xestionando os recursos asignados dentro do centro xestor.
Xestión de equipos e liderado	Lidera e coordina e dirixe equipos multidisciplinares, promovendo a modernización e eficiencia da xestión pública.	Supervisa e xestiona o persoal adscrito Servizo de Turismo que dirixe, organizando o traballo segundo as directrices establecidas.
Toma de decisións	Participa na alta dirección da Administración, definindo políticas sectoriais e establecendo prioridades de investimento e desenvolvemento.	Executa as decisións tomadas nos niveis superiores, asegurando a súa correcta aplicación dentro do marco normativo.
Coordinación interinstitucional	Representa a Deputación en foros de traballo, negociacións con outras Administracións e entidades privadas.	Coordina as accións con outros Servizos da Deputación e colabora cos niveis superiores en accións conxuntas.



Competencias	Director/a de Turismo	Xefatura de Servizo
Avaliación e control do desempeño	Define indicadores de rendemento e aplica mecanismos de avaliación de políticas públicas para optimizar a xestión.	Aplica os criterios de avaliación no seu servizo, pero non define as estratexias nin os indicadores globais.
Xestión orzamentaria e captación de financiamento	Deseña a estrutura orzamentaria da súa área de xestión e busca financiamento externo.	Administra os recursos asignados ao Servizo, asegurando a súa correcta execución segundo o orzamento aprobado.

Así, mentres que o Director/a de Turismo desempeña un papel de liderado estratéxico, a Xefatura de Servizo ten como función principal a xestión operativa do centro xestor baixo a súa responsabilidade. O Director/a de Turismo marca a visión estratéxica, define prioridades e xestiona os recursos cun enfoque de gobernanza avanzada e a Xefatura do Servizo traduce esa estratexia en accións concretas dentro do marco legal e normativo. A combinación de ambas figuras é clave para garantir unha Administración eficiente e moderna.

Considerando o anterior, **PROPONSE** a creación dun posto de director/a de turismo, con rango de alto cargo, co fin de reforzar a estrutura de persoal do Servizo de Turismo.

O perfil do posto ven determinado pola súa clasificación no subgrupo A1, cunha retribución anual total de 68.583,71 €, sendo de adscrición indistinta, polas características específicas das funcións a desenvolver, que se concretan na dirección da área de turismo desta Institución, baixo a dependencia do/a deputado/a provincial con competencias nesta materia e con suxeición aos procedementos marcados pola Corporación e pola lexislación vixente para a realización de actuacións, que en exercicio de competencias propias ou delegadas, conleven a existencia de especial responsabilidade e competencia técnica e directiva, encargándose, entre outras, das seguintes funcións:

- Deseñar e implementar estratexias a medio e longo prazo para a mellora dos servizos públicos e a consecución de obxectivos de política pública.
- Definir, planificar e garantir o correcto desenvolvemento das estratexias e actuacións a seguir na área de turismo e en coordinación coas demais, en atención á acción de goberno e as prioridades políticas fixadas.
- Definir as políticas, xunto co goberno provincial, co fin de captar fondos para o desenvolvemento turístico.
- Impulsar a calidade institucional e os valores públicos, respectando en todo momento o marco legal establecido.
- Servir de nexo funcional entre os órganos de dirección política e o persoal funcionario, garantindo a operatividade e eficacia na execución das decisións estratéxicas mediante a



materialización en accións administrativas tecnicamente viables e orientadas ao cumprimento do interese xeral.

- Tomar decisións operativas e estratéxicas aliñadas cos obxectivos institucionais.
- Liderar, coordinar e dirixir os equipos, promovendo a modernización e eficiencia da xestión pública.
- Levar a cabo unha coordinación interadministrativa con Concellos, organismos autonómicos e estatais, así como un diálogo co sector privado.
- Asesorar, planificar e coordinar a execución do traballo correspondente a esta área de goberno para a consecución dos obxectivos asignados.
- Avaliar os obxectivos e impulsar a innovación e mellora dos servizos e proxectos do seu ámbito competencial
- Representar a Deputación en foros de traballo con outras Administracións e entidades privadas.
- Promover relacións relevantes e útiles para as políticas públicas que inflúen no sector turístico da provincia, asumindo cando proceda procesos de negociación e de resolución de conflitos.
- Impulsar a execución das accións necesarias para alcanzar os obxectivos establecidos, realizar o seu seguimento e emprender, cando sexa preciso, accións correctivas e de mellora.
- Definir indicadores de rendemento e aplicar mecanismos de avaliación de políticas públicas para optimizar a xestión.
- Avaliar a eficiencia dos procesos, o desempeño profesional e os resultados acadados, para facilitar a toma de decisións e para render contas á cidadanía.
- Impulsar a innovación e mellora dos servizos e actuacións a realizar no seu ámbito competencial.
- Potenciar a simplificación e a axilización dos procedementos.
- Velar pola transparencia das actuacións e por unha comunicación pública clara, veraz e efectiva.
- Deseñar a estrutura orzamentaria da súa área de xestión e buscar financiamento externo.
- Render contas, mediante a emisión dos informes ou memorias que procedan, dos logros ou niveis de cumprimento dos obxectivos, xustificando, no seu caso, as desviacións ou os incumprimentos que se produciron para a avaliación do seu cumprimento.
- Realizar calquera outra tarefa ou función que se lle atribúa, propia do ámbito das súas competencias.

O regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Pontevedra dispón no seu artigo 55 que a provisión deste tipo de postos está reservada ás persoas que acrediten a condición de funcionario/a de carreira do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, do subgrupo A1 e posúan o título de licenciatura ou grao ou non reunir a condición de funcionario/a en atención as especiais características das funcións a realizar.

A creación deste posto está fundamentada na potestade de autoorganización da Deputación Provincial, co propósito de impulsar a promoción dos recursos e da infraestrutura turística do



destino Rias Baixas nas súas diferentes liñas de actuación e desde a base da planificación estratéxica e representa un paso fundamental de cara a profesionalización da dirección pública da entidade. A súa implantación contribuirá a unha xestión máis eficiente, transparente e orientada a resultados, mellorando o impacto das políticas turísticas no territorio. Ademais, contribúe ao reforzamento e formalización da dirección pública profesional no ámbito local, tal e como recomendan os expertos en dirección pública profesional.

A urxencia ven motivada pola necesidade de dispor dun perfil especializado para levar a cabo cantas accións sexan precisas para definir, desenvolver, coordinar e executar a política provincial na área de turismo.

Asinado dixitalmente.

